<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
7	WHAT CAN YOU DO AT THE SEASIDE?	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados coa escola.	PE	40
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Levar a cabo os procesos que se describen no CA1.5 contando con axuda.	TI	60
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA1.8 aínda que non o consiga completamente.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Iniciarse no proceso que describe o CA2.2 contando coa axuda doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como

Contidos

- folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación didáctica, tendo en conta o que establece a LOMLOE, basease en dúas liñas metodolóxicas e de actuación:

- O desenvolvemento dun modelo de aprendizaxe e dunha metodoloxía de ensinanza competencial.
- A implementación dun sistema de ensinanza inclusiva que ten en conta todo o alumnado.

Na Educación Primaria a metodoloxía debe ser **ACTIVA**, participativa e flexible, acercar o proceso de aprendizaxe/ensinanza aos contextos reais dos nenos e nenas e partir do nivel de desenvolvemento do alumnado (individual, afectivo, emocional e social) para construír novas aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmos e promoverá o traballo en equipo.

No caso das metodoloxías activas a súa fortaleza reside, principalmente, no seu atractivo para o alumnado, na súa fácil combinación entre elas, na utilización das novas tecnoloxías como recurso, na toma de conciencia e reflexión co entorno, na colaboración con outros axentes, na aprendizaxe autónoma, na flexibilidade e versatilidade e no axuste co desenvolvemento **COMPETENCIAL** do alumnado.

Por tanto, a metodoloxía establecida pretende como obxectivo fundamental que os alumnos/as aprendan dunha maneira autónoma e se desenvolvan en todas as facetas da súa personalidade, sendo os verdadeiros **PROTAGONISTAS** da súa propia aprendizaxe (explorando, manipulando, descubriendo, investigando, participando, seleccionando, cuestionando, analizando, decidindo e respondendo) a través das seguintes liñas, principios e estratexias metodolóxicas xerais:

- **GLOBALIZACIÓN**: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades físicas, afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global. Calquera actividade ou tarefa realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade e de atención, polo que interrelaciona as distintas áreas de xeito interdisciplinar e transversal para organizar e articular os coñecementos con sentido e intencionalidade en contextos que permiten a súa significatividade.
- **APRENDIZAXE SIGNIFICATIVA**: establecendo vínculos entre as novas aprendizaxes (que deben partir das

experiencias previas do alumnado) e os seus coñecementos previos en situacións CONTEXTUALIZADAS e cheas de sentido.

- DESEÑO UNIVERSAL para a APRENDIZAXE (DUA): ofrecendo unha gran diversidade de recursos e propostas que se adecúen da forma o máis individualizada posible a todo o alumnado para favorecer un ensino o máis INCLUSIVO posible. Estas opcións didácticas permiten que os nenos e nenas se transformen en persoas que aprenden a aprender (motivados polas súas aprendizaxes e preparados para continuar aprendendo durante toda a súa vida) e buscan ser accesibles a TODOS atendendo á diversidade mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e ós diferentes ritmos de aprendizaxe.

- ENSINANZA INDIVIDUALIZADA: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada alumno e alumna para atender mellor á DIVERSIDADE. A atención individualizada considera as necesidades e diferencias persoais e favorece o principio de IGUALDADE e EQUIDADE.

- APRENDIZAXE baseada en PROXECTOS: resolvendo situacións, solucionando retos ou respondendo a preguntas a través dos seus coñecementos, recursos, investigacións, reflexións e cooperación activa na súa contorna máis próxima e de acordo aos seus centros de interese.

- APRENDIZAXE baseada na INVESTIGACIÓN, na RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS e por DESCUBRIMENTOS: aprendendo mediante a exploración e a investigación a través da abordaxe ou de preguntas, da determinación de datos útiles, do análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións, de reflexionar e de elaborar hipóteses para favorecer o pensamento CRÍTICO e o pensamento CIENTÍFICO.

- APRENDIZAXE baseada en RETOS: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación coa contorna que implique un desafío e implemente unha solución.

- SOCIALIZACIÓN e COMUNICACIÓN: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, apoiarse e compartir o material. Estas situacións se apoian, na maioría dos casos, no XOGO por consideralo un elemento básico e primordial para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación e a personalidade ademais de permitir coñecer o comportamento dos adultos e as normas sociais.

- AUTONOMÍA e AUTOXESTIÓN: concedendo ó alumnado o protagonismo das súas propias aprendizaxes, establecendo como importante o PROCESO e non só o resultado e valorando o erro como fonte de aprendizaxe.

- AFECTIVIDADE: asegurando unha perspectiva socioemocional onde o alumnado se sinta querido e poida contribuír á formación dunha imaxe axustada e positiva de si mesmo (autoconfianza e perseverancia). A relación entre o profesorado e o alumnado se debe establecer dentro dun ambiente DEMOCRÁTICO, con relacións de comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.

- LIBERDADE e CREATIVIDADE: favorecendo os coñecementos potencialmente significativos e funcionais e potenciando a autonomía e a produción persoal, empregando a información proporcionada polos MEDIOS TECNOLÓXICOS e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

- MANIPULACIÓN: sendo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade.

- APRENDIZAXE COOPERATIVA: propiciando a resolución conxunta de tarefas e problemas, potenciando a atención á diversidade e fomentando a paz, a convivencia, a igualdade e a INCLUSIÓN nos encontros co grupo e a sociedade.

- COEDUCACIÓN: considerando actividades de todo xénero en detrimento daquelas asignadas ao xénero e en prol da ruptura de estereotipos.

A profesora vai ser mediadora e guía e permitirá ao alumnado explorar e investigar, fomentando a interacción entre compañeiros e compañeiras, así como o enfrontamento dos problemas, os proxectos e os retos sen ansiedade. Facilitará o desenvolvemento competencial do alumnado, atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción da aprendizaxe, e fixará uns hábitos de traballo.

Ademais, planificará os tempos, os espazos, os agrupamentos e os materiais e recursos, adaptando cada un destes elementos segundo se requira na dinámica da aula e motivará a autoavaliación, a coavaliación e a posta en común con periodicidade.

Cabería concretar as seguintes liñas de actuación para 3º de Primaria na área de Lingua Estranxeira - Inglés:

No esforzo por aprender de maneira gradual as estruturas gramaticais básicas e do vocabulario esencial, o obxectivo preferente será poder acadar un bo grao de comunicación oral e escrita na aula.

Cada sesión terá unha estrutura clarificada, comezarse cada clase cunha rutina e cun repaso dos contidos impartidos en sesións ou cursos anteriores. Posteriormente intercalaranse algúns xogos e actividades de vocabulario e gramática con outras de comprensión e expresión oral e escrita a través de situacións comunicativas.

No referido aos agrupamentos, intentarase combinar o traballo individual, as parellas, os grupos pequenos e o grupo-clase. As chuvias de ideas, as explicacións, algunhas interaccións orais e algúns xogos realizaranse no grupo-clase. Actividades como concursos, representación de role plays e outras interaccións orais se levarán a cabo en parellas ou grupos. As tarefas de consolidación, como a realización de actividades do libro ou as fichas, serán postas en práctica de maneira individual.

Nas distintas unidades didácticas da programación realizaranse actividades como role-plays baseados en temáticas da vida diaria ou dramatizacións de diálogos. Tamén se traballarán diversas situacións comunicativas a través do

humor e do xogo tendo en conta os intereses e motivacións do alumnado. Por outra banda, terán lugar interaccións orais básicas do día a día na aula (seguir instrucións, realizar e responder preguntas, expresarse a maior parte do tempo en inglés facendo uso das frases útiles colocadas nos pósters da aula...).

Como os nenos e as nenas aprenden de diferentes xeitos e a ritmos moi diversos, se utilizarán actividades de distinta tipoloxía (fichas de vocabulario e gramática, actividades do Activity Book, cancións, xogos, actividades online, role plays, intercambios orais, visualización de vídeos, contos, lecturas e actividades de comprensión e produción de textos orais e escritos). Tamén se deseñarán actividades de ampliación e reforzo para atender ás distintas necesidades do alumnado.

Dado que o xogo ten un papel fundamental no ámbito da comunicación oral, será traballado en diferentes formatos, soportes e modalidades (xogos de tarxetas, interactivos e taboleiros).

Coa visualización de vídeos (contos, historias breves ou anuncios publicitarios), a escoita de cancións, a creación de presentación orais e a realización de xogos interactivos orais e escritos se fará uso das tecnoloxías dixitais, que ademais permitirán ao alumnado aproximarse ás distintas culturas e favorecerán o tratamento de temas transversais.

Fomentarase a lectura en lingua inglesa para que deste xeito, ademais de traballar a fonética e a entoación, tamén se refórce a comprensión de textos e os aspectos socioculturais.

Para facerse entender a mestra cos nenos e nenas, se priorizará a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e os soportes visuais fronte á tradución e polo tanto, se empregará a lingua inglesa como vehicular dentro da aula.

A cultura e a comprensión e expresión orais tamén serán traballadas a través de diversas dinámicas, xogos e actividades que se realizarán en cooperación coa auxiliar de conversa para favorecer á empatía e desenvolver a curiosidade polo coñecemento doutras realidades sociais e culturais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Páxinas web con xogos e actividades online.
2. Xogos con materiais manipulativos.
3. Materiais audiovisuais.
4. Vídeos e contos.
5. Rimas e cancións.
6. Murais e pósters.
7. Libro de texto e libro de actividades (Kids Can! 3 - MacMillan) e libretas.

1. Traballarase con xogos e actividades online para repasar o vocabulario e as estruturas gramaticais empregadas en cada unidade didáctica (memory, drag and drop, match, crosswords, wordsearchs, H5P...)

2. Utilizaranse xogos de mesa con preguntas, xogos con tarxetas e ruletas (memory, mimics, spelling, bingo, guess, find the partner...)

3. Empregaranse materiais audiovisuais para a comprensión e produción orais e escritas (geniallies, presentacións orais, role plays...)

4. Visualizaranse vídeos e anuncios publicitarios e escoitaranse/leranse contos e historias breves para a posterior realización de actividades de comprensión e expresión oral.

5. Escoitaranse rimas e cancións, que son de gran utilidade para traballar os contidos de maneira lúdica (estructuras gramaticais, léxico, comprensións orais, entoación, rima...)

6. Crearanse pósters e murais polos alumnos e alumnas. Tamén existen pósters na aula con frases útiles para empregar no día a día nas interaccións de aula e incrementar así o tempo de comprensión de textos escritos.

7. Usarase o libro de texto, o libro do alumno e dúas libretas para a realización de actividades relacionadas co vocabulario e a gramática de cada unidade (que lle serán de utilidade para a correcta comprensión e produción de textos orais e escritos).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.

Para a avaliación inicial de 3º se debe recoller información relevante do alumnado sobre o seu nivel competencial (vocabulario, estruturas gramaticais, escoita, pronunciación e fluidez, comprensión oral e escrita e produción oral e escrita básica) e o desenvolvemento das súas capacidades a través dos coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes que posúen na área de Lingua Estranxeira - Inglés. Ao mesmo tempo, esta avaliación inicial servirá para determinar o clima da aula e das relacións que se establecen entre o alumnado.

A data prevista para a súa realización será ao comezo do curso escolar (ata mediados de outubro) e ao inicio de cada unidade didáctica.

A recollida da información se efectuará mediante diversos procedementos como a observación, os intercambios orais e as actividades escritas (choiva de ideas, xogos, presentacións de si mesmos, interaccións en parellas, utilización de textos...) e as diversas dinámicas de cohesión, as cales favorecerán tamén a boa relación do grupo. Inclúese unha revisión dos informes persoais do ano anterior completados con outros datos aportados pola titora e a orientadora mediante entrevistas sobre as características e necesidades do alumnado (personalidade, motivación e intereses), o seu nivel de autonomía, os resultados académicos do curso anterior, os plans de reforzo (de ser o caso), o entorno socio-familiar... Non se pretende coñecer todos os aspectos que se poden avaliar na área, senón solo aqueles que sexan máis relevantes.

Tras a avaliación inicial, a mestra especialista en lingua inglesa realizará unha valoración dos resultados (análise e interpretación da información recollida) co fin de:

- Determinar os coñecementos previos do grupo (punto de partida das novas aprendizaxes na área de Lingua Estranxeira - Inglés).
- Establecer os centros de interese do alumnado (para poder crear e planificar actividades axustadas ao seu nivel, motivadoras e significativas).
- Identificar se existen dificultades individuais ou grupais.
- Localizar aquel alumnado que precise apoio ou reforzo educativo.
- Adoitar as medidas de atención á diversidade necesarias.
- Comprobar, axustar e tomar as decisións curriculares pertinentes no proceso de aprendizaxe e ensino, na metodoloxía e na programación de aula.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	15	15	15	15	100
Proba escrita	0	40	40	40	40	40	40	36
Táboa de indicadores	100	60	60	60	60	60	60	64

Criterios de cualificación:

A avaliación permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de aprendizaxe-ensino. Como é un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática.

Para levar a cabo a avaliación teranse en conta os criterios de avaliación recollidos no Decreto 155/2022. Ditos criterios de avaliación determinan o grao de adquisición dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a eles. A nivelación dos criterios de avaliación está baseada no Marco común europeo de

referencia para as linguas (MCER) pero axustada á etapa de Educación Primaria.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso se terá en conta o rexistrado nas probas e nas táboas de indicadores utilizadas en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior. Na cualificación trimestral, a nota extraeráse da media ponderada obtida entre as cualificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre.

Para cualificar cada unidade didáctica se empregarán os seguintes instrumentos e procedementos:

- Instrumentos: probas orais e escritas (aínda que no apartado 3.3 ou na táboa superior se especifiquen únicamente como probas escritas) e táboas de indicadores tales como rúbricas, listas de cotexo ou control, escalas de observación....

- Procedementos: observación directa e sistemática (participación nas actividades de aula, xogos e concursos), traballos en grupo e individuais, intercambios orais (chuvias de ideas, postas en común, debates...), recompilación de actividades (fichas, Activity book, producións na libreta...), dramatizacións ou role plays, exposicións orais, descriucións, presentacións orais e escritas, realización de proxectos...

A porcentaxe das probas (orais e escritas) e as táboas de indicadores están establecidas en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

A adquisición da lingua estranxeira é progresiva e de carácter cíclico, polo que á hora de cualificar, se terá en conta que ao inicio do curso o alumnado posúe menor fluidez, vocabulario e confianza no uso da lingua e das estratexias.

Criterios de recuperación:

Tendo presente que durante a etapa de Educación Primaria a avaliación é continua e global e o currículo é competencial, o alumnado que non acade os mínimos establecidos poderá recuperar aqueles aspectos non superados no seu momento con novas tarefas e unha proba oral e escrita baseada nos contidos traballados con anterioridade.

Ademáis, estableceranse actuacións e mecanismos correctores das dificultades detectadas tales como:

- Realización de actividades de reforzo (actividades multi-nivel).

- Fomento de hábitos de estudo e traballo na casa a partir da realización de actividades interactivas e xogos online así como de actividades relacionadas con cancións, lecturas e visualización de vídeos.

Solicitarase asesoramento da xefatura do DO cando se estimen necesarias outras medidas, como recibir reforzo e apoios dentro ou fóra da aula así como a posible realización de adaptacións curriculares (ACS).

No momento actual de inicio do curso ningún alumno ou alumna posúe adaptación curricular na área de lingua inglesa pero algúns deles asisten a apoio co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe, polo que nestes casos será necesario realizar algunhas adaptacións non significativas de acordo ás súas características específicas.

6. Medidas de atención á diversidade

De conformidade ao artigo 3 do Decreto 229/211, do 7 de decembro, se entende por Atención á Diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Estas medidas poden ser:

- Medidas ordinarias. Todas as que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferencias en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas para o nivel.

- Medidas extraordinarias, son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, nos elementos de acceso ao currículo. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou se estas resultan insuficientes.

Polo tanto, priorizarase a atención personalizada, a realización de diagnósticos precoces e o establecemento de mecanismos de reforzo, os cales se deberán de poñer en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe (tanto organizativas como curriculares).

O departamento de orientación será o encargado de xestionar e coordinar as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Este é un alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, por presentar necesidades educativas especiais (discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe), por retraso madurativo, por trastornos no desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por

trastornos da atención ou da aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por estar en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais, pola incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

A atención a estes nenos e nenas que presentan necesidades educativas rexerese polos principios de inclusión e normalidade e abranguerá a todos os alumnos que, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, requiran determinados apoios, reforzos ou atención educativa específica.

As medidas de atención á diversidade que se adopten seguirán os seguintes criterios e principios:

- Establecer apoios ou reforzos en función da avaliación das necesidades individuais ou grupais, realizada dende o departamento de orientación e en colaboración co equipo docente, e sempre con carácter flexible.
- Apoiar ou reforzar no grupo ordinario (dentro ou fora da aula), en agrupamentos flexibles e/ou mediante adaptacións do currículo, tendendo cara ó maior grado posible de integración no grupo de referencia e a seguir o currículo ordinario na maior medida posible.
- Utilizar o Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA).
- Propor actividades e tarefas variadas, significativas, motivadoras e adaptadas aos distintos niveis de dificultade.
- Desenvolver actividades integradas e cooperativas, onde os estudantes compartan aprendizaxes e intereses.
- Planificar actividades de afondamento (nivel maior de complexidade) para aqueles alumnos/as que teñen un ritmo de aprendizaxe máis rápido (fast finishers activities). Por exemplo: tarxetas con preguntas, sopas de letras, encrucillados, xogos online, lectura dalgún conto, historia ou revista...
- Promover titorías entre iguais.

No grupo de 3º incorporáronse unha nena nova procedente do estranxeiro a principio do curso e outro neno a mediados do curso pasado, este último con TDH e unha situación familiar desfavorable. Ambos presentan unha moi baixa competencia curricular polo que están pendentes de ser valorados polo Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres	X						X
ET.2 - Educación para a paz e prevención e resolución de conflitos.				X			
ET.3 - Educación para a saúde.		X			X		
ET.4 - Educación medioambiental.			X			X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores.	X	X	X				

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

En ocasións, algúns elementos transversais estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas mentres que outros serán traballados en unidades didácticas concretas. Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas nas que o elemento transversal está presente dun xeito claro. Pode acontecer, que por cuestións de actualidade, un tema que non estaba previsto tratalo inicialmente, resulte importante desenvolve-lo nun momento determinado do curso.

Na área de Lingua Estranxeira cómpre aproveitar o momento no que un elemento transversal é abordado na aula pola titora, sendo necesaria a coordinación tanto para escoller o contido como para decidir a maneira de tratalo co grupo.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións específicas relacionadas coa Lingua Estranxeira (típicas da cultura inglesa).	Halloween, Thanksgiving, Christmas, School Day for Peace and No-Violence, Carnival, Pancake Day e Easter.	X	X	X
Conmemoracións da escola.	Samaín, Magosto, 25N, Nadal, Día da Paz, Entroido, 8M, Semana Santa, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Semana da Discapacidade, Semana da Prensa, Semana STEM...	X	X	X

Observacións:

En relación as Actividades Complementarias e Extraescolares, remitímonos ao especificado no apartado de actividades complementarias e extraescolares da PXA do noso centro para este curso 2024-25.

Resulta fundamental a planificación e realización de actividades complementarias dado que buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, utilizan recursos distintos ós das aula e ademais pretenden consolidar contidos traballados ao longo do curso, sen prexuízo de que poidan xurdir outras actividades ou propostas interesantes para levar a cabo noutros momentos do ano.

O feito de realizar actividades fora do ámbito habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas resulta moi motivador para o alumnado, serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes e reforza os elementos transversais traballados.

O aproveitamento destas actividades na aula de Lingua Estranxeira esixe un traballo previo de reflexión e investigación por parte do alumnado coa especialista de Lingua Inglesa e de coordinación e planificación tamén coa titora. Polo tanto, non se trata de facer actividades complementarias en cada unha das unidades didácticas senón de aproveitar o traballo feito na aula e no centro para acadar a competencia comunicativa e plurilingüe, ampliando o vocabulario, reforzando os aspectos socioculturais e mellorando as expresións en lingua inglesa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Cumplíuse a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Deseñáronse e secuenciáronse correctamente as UD a partir dos elementos do currículo.
Ponderáronse axeitadamente os criterios de avaliación.
Adecuouse o grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación.
Acadouse un nivel de competencia comunicativa axeitado.
Vinculáronse correctamente as medidas de apoio e reforzo aos criterios de avaliación.
Enunciáronse os elementos transversais axeitados para ser desenvolvidos ao longo do curso.
Desenvolvéronse as actividades complementarias previstas.
Desenvolvéronse os procedementos de seguemento, avaliación, revisión e mellora da programación ao longo do curso.

Metodoloxía empregada
Incorporouse á información da avaliación inicial á práctica docente.
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Creáronse actividades motivadoras e significativas.
Utilizáronse distintas estratexias metodolóxicas en función dos contidos a tratar.
Potenciáronse estratexias de comprensión e expresión oral e escrita.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas propostas.
Combinouse o traballo individual e en equipo.
Ofrecéronse ao alumnado os resultados das probas, as tarefas e os proxectos.
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de aprendizaxe-ensino.
Aproveitáronse os materiais e os recursos da aula e do centro.
Achegáronse ás distintas culturas á aula.
Medidas de atención á diversidade
Adaptouse axeitadamente o nivel de dificultade das actividades ás características do alumnado.
Ofrecéronse explicacións xerais a todo o alumnado e individualizadas a quen o precisara.
Identificáronse necesidades de apoio e reforzo no alumnado.
Adoptáronse medidas curriculares axeitadas para atender ao alumnado con NEAE.
Adoptáronse medidas organizativas axeitadas para atender ao alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
Creouse un ambiente agradable, respectuoso e de compañerismo na aula.
Identificáronse os intereses, gustos e prioridades do alumnado.
Promovéronse traballos colaborativos e cooperativos para que o alumnado interactuase e se axudase.
Potenciouse a reflexión e o sentido crítico na aula e fora dela.
Fomentouse a creatividade e a orixinalidade nas tarefas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordináronse a especialista en lingua inglesa, a titora e a auxiliar de conversa.
Mantívoise un contacto periódico coas familias por parte de todo o equipo docente.
Implicouse ás familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Na avaliación do proceso de ensino e da práctica docente se deben ter en conta os indicadores de logro para coñecer e revisar a información e as accións do profesorado, co fin de optimizar a labor docente.

A recollida desta información realizarase ao finalizar cada unidade didáctica. O instrumento que se empregará será unha lista de control que conterá os indicadores de logro que se acaban de indicar, especificando o grao de consecución (valoraranse do 1 ao 4, sendo o 1 o valor mínimo e o 4 o máximo).

No caso de non acadar o indicador de logro proposto, se analizarán as posibles causas e se proporán as medidas correctoras necesarias para conseguilo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que está suxeita a ser revisada con continuidade, podendo introducir modificacións e melloras ao longo de toda a súa posta en práctica.

Os resultados de avaliar a programación proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe para poñer en marcha mecanismos para paliarlas. Por tanto, a finalidade última será que o alumnado acade os obxectivos propostos e desenvolva as competencias establecidas.

Na avaliación da programación se terán en conta os seguintes indicadores de logro:

- Comparar a planificación curricular co desenvolvemento da mesma.
- Permitir un seguimento da temporalización.
- Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, criterios de avaliación e contidos ao longo do seu desenvolvemento.
- Lograr a consecución dos niveis mínimos fixado para cada criterio de avaliación.
- Adecuar e aproveitar as actividades complementarias.
- Axustar a práctica docente as características e os centros de interese do alumnado da aula.
- Detectar dificultades e problemas na práctica docente.
- Adecuar os materiais didácticos e curriculares.
- Garantir e mellorar as medidas de atención á diversidade.
- Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
- Dispoñer de mecanismos de revisión e mellora en función das necesidades de aprendizaxe ou docencia.
- Realizar revisións periódicas.

A recollida de toda esta información e análise que servirá para reflexionar sobre todos estes aspectos se levará a cabo ao final do curso escolar. Pero dada a súa flexibilidade, podera revisarse, adaptarse e establecer medidas correctoras ou de mellora en calquera momento que se precise.

Polo tanto, estas medidas serán adoptadas tras a revisión e as posibles modificacións e irán en función dos resultados obtidos polo alumnado, das necesidades detectadas, das observacións realizadas por parte do profesorado no proceso de ensino e a práctica docente e dos indicadores de logro da programación non acadados.

9. Outros apartados